PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais).		Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>
PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.		Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>
PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.		Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>

4º ESO			
Bloque 1. Compresión de textos orais.	TEMPORALIZACIÓN	EN GRAO MÍNIMO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anti-	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita.	



<p>cipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.</p>			<p><b>Proba</b> de comprensión dunha grabación pedagóxica sobre os temas traballados en clase, que será escoitada máis dunha vez.</p>
<p><b>PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).</b></p>			
<p><b>PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.</b></p>			
<p>PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).</p>			
<p><b>PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.</b></p>			
<p>PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.</p>			
<p><b>PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.</b></p>			
<p><b>PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, así como a</b></p>			

formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).			
---	--	--	--

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción.	TEMPORALIZACIÓN	EN GRAO MÍNIMO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>PLE_R4_CAA_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>  Observación e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b>
PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervé na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>  <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b>
PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>  <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>  <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>5PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>  <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R6_CCEC_1</b>

PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>  <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbrica <b>PLE_R5_CSC_1</b>
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos.</b>	TEMPORALIZACIÓN	EN GRAO MÍNIMO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R4_CAA_1</b>	<b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b>
<b>PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita.  Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Proba</b> de comprensión escrita dun <b>texto</b> que trata temas traballados en clase. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...) <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita.	<b>Proba</b> de comprensión escrita dun <b>texto</b> que trata temas traballados en clase. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...)
<b>PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita.	<b>Proba</b> de comprensión escrita dun <b>texto</b> que trata temas traballados en clase. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...)
<b>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita. Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>	<b>Proba</b> de comprensión escrita dun <b>texto</b> que trata temas traballados en clase. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...) <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>

PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita. <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>	<b>Proba</b> de comprensión escrita dun <b>texto</b> que trata temas traballados en clase. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...) <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>
PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita.	<b>Proba</b> de comprensión escrita dun <b>texto</b> que trata temas traballados en clase. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...)
<b>PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Acadar a metade da puntuación das probas de comprensión escrita.	<b>Proba e traballo escrito</b> de comprensión dun <b>libro de lectura</b> (vocabulario, argumento, personaxes, información xeral e específica)
<b>Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción</b>	TEMPORALIZACIÓN	EN GRAO MÍNIMO	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>
PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante as

			rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
<b>PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>
PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>
PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>
<b>PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R4_CAA_1</b>	<b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R4_CAA_1</b>
<b>PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.</b>	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>

<b>Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.</b>	<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>EN GRAO MÍNIMO</b>	<b>INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN</b>
PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>
PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante a rúbrica <b>PLE_R3_CD_1</b>
PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b> <b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R3_CAA_1</b> <b>5PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R3_CAA_1</b> <b>5PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>
PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> <b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>
PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.	TODAS AS AVALIACIÓNS	Ver grao mínimo fixado na rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b> Ver grao mínimo fixado na rúbrica	<b>Exposición oral</b> que será avaliada seguindo a rúbrica <b>PLE_R2_CCL_EO_1</b>

		<b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>	<b>Redaccións</b> sobre temas vistos en clase, seguindo un modelo, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>
<b>PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</b>	<b>TODAS AS AVALIACIÓNS</b>	Ver grao mínimo fixado nas rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>	<b>Observación</b> e avaliación mediante as rúbricas <b>PLE_R3_CD_1</b> <b>PLE_R4_CAA_1</b> <b>PLE_R5_CSC_1</b> <b>PLE_R6_CCEC_1</b>

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

A nosa metodoloxía ten como pilar base a adquisición por parte do alumnado das **catro destrezas lingüísticas**. A continuación mencionamos as principais ferramentas, que empregamos para reforzar cada una delas:

### LISTENING (CO)

- O **inglés** será sempre a **lingua vehicular** nas nosas clases, empregando en momentos puntuais a lingua materna para asegurar a comprensión do alumnado de cuestións importantes (algunha explicación, condicións para a entrega de traballos, etc).
- A interacción co **auxiliar de conversa** será en inglés en todo momento. De ser necesario, a profesora traduciría partes que impidan unha comunicación efectiva.
- Faremos prácticas de comprensión oral cos **exercicios do libro de texto**.
- De cando en vez tamén tiraremos proveito de **cancións, vídeos e outro material audiovisual**.

### READING (CE)

- Cada trimestre traballamos en todos os cursos con **libros de lectura** que seleccionamos entre clásicos da literatura anglosaxona, biografías ou obras que tratan algún tema cultural. En 1º e 2º ESO a lectura e exercicios de comprensión trabállanse dun xeito guiado en clase, mentres que en 3º e 4º este traballo pasa a ser máis autónomo.
- Faremos prácticas de comprensión escrita cos **exercicios do libro de texto**.
- Nalgunha ocasión visitarase algunha **páxina web ou blog en busca de información complementaria** sobre algún tema tratado en clase ou relacionado cos libros de lectura, etc.

### SPEAKING (EO)

- En todas as clases as **explicacións (de xeito dedutivo), exemplificacións e exercicios** faranse pedindo a intervención do alumnado.
- Avaliaremos a expresión oral do alumnado a través de **exposicións orais**, que prepararán previamente seguindo as nosas indicacións.

### WRITING (EE)

- Seguindo as indicacións da profesora e algún texto modelo, o alumnado entregará varios **textos escritos de temática e formato diverso** durante o trimestre.
- Nas clases a miúdo terán que escribir **pequenos textos ou parágrafos de índole diversa**: descrições, diálogos, anécdotas, opinións, etc.

Finalmente, indicar que na actividade diaria na aula promoveremos a **participación** do alumnado e a **cooperación** entre eles para a elaboración de actividades, dedución de regras e inferencia de vocabulario, etc.



## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

### 2º ESO

---

**MOSAIC 2.** Student's book e workbook. Ed. Oxford. ISBN. 978-0-19-466624-4

#### **LECTURAS TRIMESTRAIS:**

A Christmas Carol. Burlington Books 2º ESO. ISBN. 978-9963-51-011-5

Five Canterbury Tales. Oxford Dominoes One. ISBN. 978-0-19-424758-0

(Pendente de concretar)

### 4º ESO

---

**MOSAIC 4.** Student's book e workbook. Ed. Oxford. ISBN. 978-0-19-466647-3

#### **LECTURAS TRIMESTRAIS:**

Oliver Twist. Burlington International Readers B1. ISBN. 978-9-96-351272-0

Women Who Made a Difference. Burlington Activity Reader. ISBN 978-9963-273-60-7

En 4º ESO adoitamos ofrecer outros títulos que se poidan adaptar mellor aos diferentes niveis e tamén intereses do alumnado. En todo caso sempre trataremos de que teñan varios exemplares dos mesmos na biblioteca.

**DVDs:** Os libros de texto teñen o seu DVD que traballa cada unidade e serán usados ocasionalmente na aula, así coma películas do departamento ou da biblioteca.

**LIBROS DIXITAIS:** Trataremos de empregar a versión dixital dos libros pensando non só na motivación do alumnado senón tamén na eficacia no ensino. Inclúen material audiovisual extra e dan opción a ilustrar mellor calquera explicación.

**DICIONARIOS e CONSULTA:** Os alumnos terán á súa disposición na **biblioteca de aula** e na biblioteca central diverso material de consulta. Poderían empregar se é preciso os **ordenadores** de que dispoñen na aula, e en ocasións pódese permitir o uso de aplicacións nos **móviles** con fins estritamente académicos. Promoveremos o uso de dicionarios online en contraposición ao uso desmedido e sen cuestionar que se está facendo dos tradutores web.

**AULA VIRTUAL :** Dende marzo do 2020, coa suspensión da actividade lectiva presencial, a aula virtual converteuse nunha ferramenta indispensable. No 2020-21 o profesorado participou nunha actividade de formación para sacarlle maior proveito á aula virtual e solventar ausencias do alumnado debido a corentenas pola Covid-19. Este curso seguiremos na mesma liña.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Para obter a cualificación en cada avaliación empregaremos os seguintes instrumentos para avaliar os estándares de aprendizaxe e competencias correspondentes:

Probas escritas	Listening	10%
	Reading	10%
	Writing	20%
	Grammar and vocabulary	20%
	Reader (libro de lectura)	10%
Proba oral (rúbrica)	Speaking	20%
Observación directa e rúbricas	Competencia Aprender a Aprender	5%
	Competencia Social e Cívica	5%
TOTAL		100%

Algunhas das probas (reader, speaking...) serán trimestrais e outras faranse ao rematar cada unidade, segundo cada profesora o estime oportuno. No caso de ter varias probas no trimestre farase unha media ponderada, tendo máis peso a última proba. Por exemplo, 2 probas de Grammar and Vocabulary contarán 40% a primeira e 60% a segunda. Para unha avaliación positiva é **obligatorio realizar todas as probas, exposicións, redaccións, etc.**

O alumnado que falte a algunha proba deberá xustificar a súa ausencia. Dependendo da proba, poderán facela outro día ou esperarán a facer a seguinte cos demais, de xeito que conte soamente esta última para a porcentaxe final.

En cada trimestre o alumnado deberá acadar o 50% do total desta táboa para superar a materia. Canto ao **redondeo** na cualificación aplicarémolo a partir do sexto decimal (p.ex. 4,6=5 , 9,6=10).

Enténdese que para superar a materia (competencias e estándares de aprendizaxe) é necesario acadar un 5 sobre 10.

### AVALIACIÓN FINAL

A avaliación na nosa materia é continua e progresiva, co cal o alumnado vai recuperando a medida que imos facendo novas probas das diferentes destrezas que sempre inclúen contidos vistos anteriormente. Polo tanto **o resultado da terceira avaliación será a “nota final ordinaria”. O alumnado que aprobe esta última avaliación terá superada a materia.**

No caso de que consideremos que algún alumno ou alumna resultara prexudicado neste último trimestre e por algún motivo baixase a súa cualificación, poderemos recorrer a unha ponderación

que teña en conta as cualificacións do primeiro e segundo trimestre:

$$\frac{1^{\text{a}} \text{ avaliación} + (2^{\text{a}} \text{ avaliación} \times 2) + (3^{\text{a}} \text{ avaliación} \times 3)}{6} =$$

$$\text{P.ex. } \frac{6,2 + (5,4 \times 2) + (3,5 \times 3)}{6} = 4,6 (=5)$$

En calquera caso, para superar a materia (competencias e estándares de aprendizaxe) é necesario acadar un **5 sobre 10**. Canto ao redondeo na cualificación aplicarémolo a partir do quinto decimal (p.ex. 4,6=5 , 9,6=10).

O alumnado que na terceira avaliación obteña menos dun 5 terá a oportunidade de recuperar a materia de cara a **avaliación final de xuño**. A nota final ordinaria computarase en base a catro probas escritas coas seguintes porcentaxes:

Probas escritas	Listening	15%
	Reading	15%
	Writing	35%
	Grammar and vocabulary	35%
TOTAL		100%

**O alumnado coa materia aprobada tamén terá a posibilidade de realizar estas probas para mellorar a súa cualificación final.**

En caso de obter menor puntuación nesta proba que na terceira avaliación, manteremos sempre a maior nota.

O **alumnado coa materia pendente** do curso anterior e que non a superara na convocatoria de abril nin superara a materia no curso actual, realizará un exame cos mesmos bloques e porcentaxes indicados anteriormente. En caso de aprobar o exame final do curso actual tamén quedaría aprobada a pendente.

### En caso de **copia e/ou plaxio** nalgunha das probas:

- Retírase dita proba/traballo e cualifícase cunha nota de 0. Esta medida poderá adoptarse a posteriori se a detección do fraude se comproba despois dos feitos. O prazo para a comunicación e aplicación desta norma será ata a entrega da nota ao alumnado.
- Para recuperar esa proba, seguirase o mesmo procedemento que para o resto do alumnado suspenso. No noso caso sería no seguinte exame dado que son probas "acumulativas" que sempre recollen o visto ata ese momento.
- Esta medida será válida para a copia, plaxio, usurpación de identidade ou calquera outra falsificación detectada en calquera instrumento de cualificación: traballos individuais ou en grupo, exames, exposicións, etc.
- A medida será extensible ao alumnado que colabore por acción ou omisión nesta acción: deixarse copiar, facer traballos a outras persoas, etc.
- Estas accións poderán tipificarse como falta leve no RRI do centro e como tales notificaranse á familia e a Xefatura de Estudos. A reiteración será considerada como falta grave.
- Estas medidas teranse en conta tamén no caso de períodos de confinamento co traballo entregado desde a casa ou probas/tarefas telemáticas.

### 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

	1 (Deficiente)	2 (Regular)	3 (Bo)	4 (Moi bo)
Grao de cumprimento da programación.				
Resultados obxectivos do alumnado (tendo en conta a adecuación das probas)				
Adecuación dos materiais didácticos (libro dixital, selección lecturas...)				
Efectividade da metodoloxía (equilibrio entre destrezas, proxectos...)				
Seguimento do alumnado coa materia pendente.				
Emprego das TICs : aula virtual, contacto telemático co alumnado, entrega de tarefas, etc.				
Aulas co auxiliar de conversa.				

Faremos unha avaliación seguindo estes indicadores ao final de cada trimestre nunha reunión departamental e o resultado e observacións sobre os mesmos quedarán recollidos no libro de

actas.

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

De cara a avaliación dos **alumnos coa materia pendente** teremos en conta os seguintes puntos:

- Xa que sempre hai continuidade na materia de inglés nos cursos superiores, é a profesora do curso actual a que se encargará da avaliación da mesma.
- O alumnado coa materia pendente do curso ou cursos anteriores, realizarán fichas de traballo co obxectivo de adquirir os estándares de aprendizaxe no seu grao mínimo. Entregaranse á súa profesora na data sinalada en cada avaliación. Comprobaremos se atopan dificultades e procuraremos resolvelas con eles. O seguimento da realización e entrega deste traballo avaliarase mediante a rúbrica da competencia aprender a aprender (**R3\_CAA\_1**).
- A finais da 2ª avaliación, valoraremos o progreso no curso actual de cara a acadar unha avaliación positiva na materia pendente. De todos os xeitos sempre se deberá entregar o traballo requirido. En maio terá lugar o exame que contará o 70% .
- Nestas avaliacións extraordinarias (maio e xuño) excluimos en principio as probas de comprensión e expresión oral pola dificultade de organización que conlevan.

CCL	CE	Proba de <b>comprensión escrita dun texto</b> que trata temas traballados nas fichas de traballo. (Preguntas específicas, verdadeiro-falso, completar información...)	10%
	EE	<b>Redaccións</b> previamente traballadas nas fichas, que serán avaliadas seguindo a rúbrica <b>PLE_R1_CCL_EE_1</b>  Proba de <b>gramática e vocabulario</b> , tamén repasados nas fichas de traballo.	20%  40%
CAA	<b>PLE_R3_CAA_1</b>		30%

## 10. PROGRAMA SECCIÓN BILINGÜES E AUXILIAR DE CONVERSA.

Neste curso reactivamos a sección bilingüe de **MÚSICA**, en **2º ESO**, impartida por Belén Sola. Contaremos cun grupo bilingüe (25 alumnos/as) e un non bilingüe (25 alumnos/as).

Voltaremos contar neste curso coa asistencia dun **auxiliar de conversa** dos Estados Unidos, Ryan Aponte, nas aulas bilingües e en inglés. Contará con **16 horas semanais** no noso centro.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Despois de informar ao alumnado dos instrumentos e criterios de avaliación e cualificación, realizaremos probas de avaliación inicial dependendo do coñecemento previo que a profesora teña do nivel do alumnado:

- Proba que avaliará a **comprensión oral e escrita e a expresión escrita**, deseñada con contidos do libro de texto (“Diagnostic Test”),
- **Entrevista oral individual**, con preguntas sobre os seus hábitos, hobbies, familia, verán, etc.
- **Redacción** na que se pedirán contidos acordes ao seu nivel.

Faremos as correspondentes anotacións xunto coa nota obtida o curso anterior.

Dependendo dos resultados obtidos, trataremos de dar resposta individualmente ás posibles necesidades:

- con maior apoio ou ampliación das actividades que se levan a cabo na clase,
- propoñendo lecturas axeitadas ao nivel de cada un, non só obrigatorias senón tamén voluntarias,
- instrucións claras e guías por escrito para os traballos que teñen que entregar.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Nas avaliacións iniciais o equipo de profesorado de cada grupo xunto co departamento de orientación detectarán e coordinarán as adaptacións curriculares necesarias en 2º ESO.

En todos os grupos levaremos a cabo reforzos na aula para o alumnado que así o precise, nunha ou varias destrezas/contidos, elaborando actividades específicas que afonden nelas ou as amplíen, e a poder ser con apoio visual ou audiovisual.

A profesora de inglés, Mar Díaz Losada, realizará 4 horas de reforzo en aulas de 1º e 2º e tamén poderemos contar con algunha hora de reforzo extra noutros grupos por parte do auxiliar de conversa.

Nos casos de alumnado con algún diagnóstico específico, por exemplo casos de TDA, atenderemos aos protocolos vixentes para adoptar as medidas oportunas.

## 13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

***Igualdade efectiva entre homes e mulleres. Prevención da violencia de xénero. Rexeitamento de comportamentos e estereotipos sexistas.***

Este é un dos elementos transversais que adoitamos traballar todos os anos, en consonancia ademais co recente Plan de Igualdade do centro e en diversas ocasións colaborando con outros departamentos para a realización de actividades. Así xorden diferentes actuacións:

- Conmemoracións de datas sinaladas (25 novembro, 8 marzo...)

- Análise de estereotipos de xénero en cancións, imaxes, anuncios, etc. Revisaremos ademais que todo o material e dinámicas empregadas nas clases sexan coeducativas (material audiovisual, lecturas, composición de grupos, etc).
- Lectura en 4º ESO de biografías de mulleres relevantes na historia: "*Women Who Made a Difference*".
- Reflexión e comparación das linguas en termos da linguaxe sexista. (Por exemplo, en inglés as profesións ou termos para designar a persoas non soen ser identificativas de xénero: pilot, teacher, friend, etc.)

### ***Coidado do medio ambiente e a biodiversidade. Educación para un desenvolvemento sostible.***

En liña co traballo do noso centro nos últimos anos en materia de sostibilidade e coidado do noso medio e a presentación do Proxecto Edu-Sostible, Edu-Saúde levaremos a cabo actividades de diversa índole:

- Mobilización do 23 de setembro a nivel de centro: vídeos explicativos do cambio climático en inglés recollendo vocabulario específico, colaboración na actuación do recreo para ese día.
- Lecturas e posibles redaccións sobre biodiversidade, reciclaxe, enerxías renovables, etc.

Estas actividades serán avaliadas atendendo as destrezas lingüísticas e competencias que desenvolven, empregando as rúbricas e instrumentos de avaliación correspondentes.

Ao longo do curso desenvolveremos outros elementos transversais relacionados con textos, vídeos, etc que traballemos en clase e prestaremos especial atención ás conmemoracións celebradas a nivel de centro.

### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Coma sempre traballaremos diferentes **celebracións anglosaxonas** (Halloween, Bonfire Night, Thanksgiving, St Patrick's Day...) a través das aulas co auxiliar ou con proxectos de investigación en cada nivel, sexan individuais ou en grupo. O produto final será publicado na aula virtual ou poderíase expor nos taboleiros do centro habilitados.

Ademais destas celebracións participaremos noutras **conmemoracións e proxectos a nivel de centro** como viñamos facendo ata agora:

- 10 decembro. Día dos Dereitos Humanos
- Xornada das Letras Galegas
- Todas as relacionadas co Proxecto Edu-Sostible e Edu-Saúde
- Etc.

## 15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Consideramos a programación didáctica como unha previsión duns obxectivos a cumprir mediante unha planificación de actividades adecuadas, baseada na normativa e na nosa experiencia como docentes. Porén, sempre respectando o marco legal, é necesaria certa flexibilidade: o desenvolvemento da nosa tarefa educativa diaria obríganos a facer as revisións oportunas, para que este proxecto didáctico se faga realidade adaptándose ás características dos grupos ou dos nosos alumnos, e ás circunstancias e ao medio no que se realiza a nosa tarefa docente.

Para levar a cabo esta revisión teremos en conta a avaliación dos indicadores de logro que especificamos no punto 8 desta programación. Ademais recolleremos nas actas das reunións do departamento e na memoria final do curso as posibles propostas de mellora.

En O Grove, a 16 de setembro de 2022,

Asdo. Mar Díaz Losada

Asdo. M<sup>a</sup> José Besteiro Boudón

Asdo. Marta Fernández Padín

(Última modificación 08.03.2023 seguindo as [Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso 2022-2023 para as etapas de ESO e de bacharelato](#) )